



CONCELLO DE TEO

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 27 de outubro de 2025, ditou a seguinte

RESOLUCIÓN :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE VIABILIDADE ECONÓMICO-FINANCEIRA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DOS SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAL DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA DA RAMALLOSA E DAS PISCINAS DE VERÁN DE INSUA (LUOU) E NOS TILOS NO CONCELLO DE TEO (2025/C006/000001)

EXPEDIENTE: 2025/G003/001355

Visto o estudo de viabilidade económica financeira para o Contrato de Concesión dos servizos nas instalacións deportivas municipais da piscina cuberta climatizada da Ramallosa e da piscinas de verán de Insua (Luou) e Os Tilos no Concello de Teo, datado o 18 de outubro de 2024 e asinado por BRULAR GESTIÓN S.L. en data 17 de xaneiro de 2025, aprobado inicialmente en sesión plenaria de data 30 de abril de 2025.

Sometido o estudo de viabilidade económica financeira para o Contrato de concesión dos servizos nas instalacións deportivas municipais da piscina cuberta climatizada da Ramallosa e da piscinas de verán de Insua (Luou) e Os Tilos no Concello de Teo, a información pública mediante anuncio no Taboleiro de edictos do Concello, no BOP de A Coruña (BOP nº 85 de 7 de maio de 2025) e na sede electrónica do concello durante o prazo dun mes, sen que se presentasen alegacións ao mesmo.

Considerando que o órgano competente para a contratación é a Alcaldía á vista da delegación efectuada por acordo plenario adoptado en sesión celebrada o 30 de abril de 2025, e que de acordo co artigo 123 do ROF as Comisións Informativas informarán



CONCELLO DE TEO

aqueles asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do pleno e da Xunta de Goberno cando actúe con competencias delegadas polo Pleno, e igualmente informarán de aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno e do Alcalde que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles.

En virtude do exposto, e de conformidade co establecido no artigo 123 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), proponse pola Alcaldía, en data 23 de outubro de 2025 a efectos de informe previo da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Turismo, Medio Ambiente, Benestar Animal, Deportes e Xuventude o seguinte:

“Primeiro.- Aprobar definitivamente o estudo de viabilidade económica financeira para o Contrato de Concesión dos servizos nas instalacións deportivas municipais da piscina cuberta climatizada da Ramallosa e da piscinas de verán de Insua (Luou) e Os Tilos no Concello de Teo, datado o 18 de outubro de 2024 e asinado por BRULAR GESTIÓN S.L. en data 17 de xaneiro de 2025.

Segundo.- Publicar a aprobación definitiva do estudo de viabilidade económica financeira para o Contrato de Concesión dos servizos nas instalacións deportivas municipais da piscina cuberta climatizada da Ramallosa e da piscinas de verán de Insua (Luou) e Os Tilos no Concello de Teo, datado o 18 de outubro de 2024 e asinado por BRULAR GESTIÓN S.L. en data 17 de xaneiro de 2025, no Taboleiro de edictos do Concello, no BOP de A Coruña e na sede electrónica do concello, así como no perfil do contratante de conformidade co establecido no art. 247.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”



CONCELLO DE TEO

Visto que a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Turismo, Medio Ambiente, Benestar Animal, Deportes e Xuventude, celebrada o 23 de outubro de 2025, ditaminou favorablemente a proposta da Alcaldía de data 17 de outubro de 2025.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o estudo de viabilidade económica financeira para o Contrato de Concesión dos servizos nas instalacións deportivas municipais da piscina cuberta climatizada da Ramallosa e da piscinas de verán de Insua (Luou) e Os Tilos no Concello de Teo, datado o 18 de outubro de 2024 e asinado por BRULAR GESTIÓN S.L. en data 17 de xaneiro de 2025.

Segundo.- Publicar a aprobación definitiva do estudo de viabilidade económica financeira para o Contrato de Concesión dos servizos nas instalacións deportivas municipais da piscina cuberta climatizada da Ramallosa e da piscinas de verán de Insua (Luou) e Os Tilos no Concello de Teo, datado o 18 de outubro de 2024 e asinado por BRULAR GESTIÓN S.L. en data 17 de xaneiro de 2025, no Taboleiro de edictos do Concello, no BOP de A Coruña e na sede electrónica do concello, así como no perfil do contratante de conformidade co establecido no art. 247.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral
Virginia Fraga Díaz

Vº e praxe
A alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz